

**A/A DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO  
CLIMÁTICO DE PONTEVEDRA** (Avda. M<sup>a</sup> Victoria Moreno, 43, 4<sup>o</sup>, 36071 Pontevedra)

**ASUNTO:**

**ALEGACIÓNS AOS PROXECTOS “P.E. MARGARITA 18” (expediente IN408A 2024/012), “P.E. COTE 25” (expediente IN408A 2024/013), “P.E. NAO 9” (expediente IN408A 2024/011), “P.E. GALERA 25” (expediente IN408A 2024/014) E “LSAT 20 kV CS Alto das Veigas-SE UFD Gondomar” (expediente IN408A 2024/026). Alegacións ao Estudo de Impacto Ambiental (EIA) conxunto e ás solicitudes de autorización administrativa previa e autorización administrativa de construción dos citados proxectos.**

Dona/Don \_\_\_\_\_ con DNI/NIE número \_\_\_\_\_, con domicilio a efectos de notificacións en \_\_\_\_\_, municipio de \_\_\_\_\_, provincia \_\_\_\_\_, teléfono \_\_\_\_\_.

**EXPÓN:**

Á vista do anuncio publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) N.º 51 do 17/03/2026: Acordo 10 de marzo de 2026, do Departamento Territorial de Pontevedra, polo que se modifica o Acordo do 27 de xaneiro de 2026 polo que se someten a información pública as solicitudes de autorización administrativa previa, autorización administrativa de construción e o estudo de impacto ambiental (EIA) conxunto dos parques eólicos Margarita 18 (expediente IN408A 2024/012), Cote 25 (expediente IN408A 2024/013), Nao 19 (expediente IN408A 2024/011), Galera 25 (expediente IN408A 2024/014), situados no concello de Oia, e da súa infraestrutura de evacuación LSAT 20 kV CS Alto das Veigas-SE UFD Gondomar (expediente IN408A 2024/026), situada nos concellos de Oia, Baiona e Gondomar, que incorpora ao trámite de información pública nova documentación ambiental ampliada relativa aos anteriores expedientes, e se volve iniciar o prazo correspondente.

- 1. O vixente Plan Sectorial Eólico de Galicia (PSEG), polo que se rexen os presentes proxectos eólicos, non foi sometido ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica (EAE), polo que incumpre a lexislación ambiental española e europea.**

A norma estatal, *Ley 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental*, considera que a avaliación ambiental é indispensable para asegurar a protección do medioambiente. A falta de sometemento do PSEG á avaliación ambiental estratéxica implica o incumprimento de normas europeas: Directiva 2011/92/UE, Directiva 2003/35/CE e Directiva 2001/42/CE.

- 2. A implantación dos PP.EE. obxecto e a súa infraestrutura de evacuación implican numerosas afeccións sobre a fauna e flora. Afección ao EPIN Sobreiras do Faro.**

Os proxectos presentan un elevado risco de mortalidade para aves e quirópteros derivado do funcionamento dos aeroxeradores. Ademais, a implantación dos parques eólicos previstos terá un impacto significativo sobre os hábitats de fauna e flora protexidas. Para garantir a protección da gran biodiversidade da zona, esíxese un estudo de campo detallado e con metodoloxía específica que permita identificar os efectos reais dos proxectos sobre tódolos grupos de fauna e establecer as medidas correctoras oportunas.

Así mesmo, infravalóranse os impactos ambientais e paisaxísticos sobre o Espazo Privado de Interese Natural (EPIN) Sobreiras do Faro pertencente aos veciños da parroquia de Viladesuso.

**3. A implantación dos proxectos eólicos e a súa infraestrutura de evacuación afectarán aos valores naturais, culturais e paisaxísticos da Serra da Groba.**

A Serra da Groba é un espazo natural con valores ambientais, culturais e paisaxísticos (estéticos e panorámicos) de gran relevancia. Isto débese á presenza de hábitats de interese comunitario (uceiras secas, uceiras húmidas, turbeiras altas), humidais, regatos e nacementos destes, especies de flora e fauna ameazadas; garranos (cabalos salvaxes); xacementos arqueolóxicos e outros elementos de arte rupestre; Área de Especial Interese Paisaxístico (AEIP) Serra da Groba; etc. Así mesmo, baseándose na alta biodiversidade deste espazo, no ano 2011, a Xunta de Galicia propuxo a inclusión desta área na Rede Natura 2000 (LIC Serra da Groba e Monte da Valga). Polo que a implantación dos citados parques eólicos e liña eléctrica supoñen un forte impacto paisaxístico, ambiental e cultural sobre a Serra da Groba.

**4. Os PP.EE. obxecto proxéctanse nunha área onde xa se proxectaron os parques eólicos Albariño I, Merendón, Toroña e Torroña I que obtiveron Declaracións de Impacto Ambiental (DIA) desfavorables. Ademais, estes proxectos deberían ser inadmitidos polo órgano ambiental segundo o establecido pola norma estatal de avaliación ambiental.**

O órgano ambiental considerou que os citados parques eólicos que foron proxectados na Serra da Groba non eran ambientalmente viables debido ás afeccións sobre o patrimonio natural (hábitats de interese comunitario como uceiras secas, uceiras húmidas e turbeiras altas; especies de flora e fauna ameazadas); sobre a paisaxe (Área de Especial Interese Paisaxístico da Serra da Groba; visibilidade do Camiño de Santiago Portugués da Costa e a Senda dos Faros; visibilidade dende núcleos de poboación, estradas e outros puntos singulares de observación do bordo costeiro) e sobre o patrimonio cultural. Por outra banda, a *Ley 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental* establece que deben ser inadmitidos aqueles expedientes cuxas características son análogas a outros proxectos con Declaracións de Impacto Ambiental desfavorables, como é o caso.

**5. Os P.E. Margarita 18, P.E. Cote 25, P.E. Nao 19, P.E. Galera 25 e a liña eléctrica supoñen cinco proxectos tramitados mediante cinco expedientes administrativos diferentes, esquivando o tipo de gravame e cota tributaria establecido pola lei galega do sector eólico.**

Os catro parques eólicos comparten infraestruturas comúns: dous centros de seccionamento, viarios, rede de media tensión e liña de alta tensión de evacuación. Estanse a tramitar de xeito independente en cinco expedientes administrativos cando o seu funcionamento é interdependente e son promovidos polo mesmo grupo empresarial. Se se tramitasen nun único expediente, estaríamos a falar dun único parque eólico con 4 aeroxeradores e cuxo tipo de gravame anual sería de 2.300 euros por cada un dos aeroxeradores, 9.200€ anuais totais. Non obstante, con esta tramitación de proxectos por separado (4 expedientes), o tipo de gravame e cuota é de cero euros.

**6. A localización dos aeroxeradores do P.E. Margarita 18, P.E. Cote 25 e P.E. Galera 25 non cumpren coa medida preventiva do Ministerio (MITERD) dunha distancia mínima de 2 km aos núcleos de poboación ou áreas habitadas.**

A menos de 2 km dos 3 aeroxeradores dos PP.EE. Margarita 18, Cote 25 e Galera 25, segundo a denominación das entidades de poboación da Xunta de Galicia, sitúanse 12 núcleos rurais de Oia (parroquias de Mougás e Viladesuso). O aeroxerador do P.E. Cote (código AG01) afecta a 6 aldeas de Mougás (O Outeiro, A Cova, Bragadela, Os Mises, A Igrexa e A Granxa) e 6 de Viladesuso (A Serra Seca, Paxariños, O Sobral, Os Pérez, Os Preáns e A Barroca). O P.E. Margarita (aeroxerador AG03) alcanza a 5 núcleos de Mougás (A Cova, Bragadela, O Outeiro, os Mises e A Igrexa) e 3 de Viladesuso (O Sobral, Paxariños, A Serra Seca). O aeroxerador AG02 do P.E. Galera afecta a 3 núcleos de Mougás: A Cova, Bragadela e O Outeiro.

- 7. A ferramenta de Zonificación ambiental para enerxías renovables do MITERD establece que os proxectos eólicos P.E. Margarita 18 (exp. IN408A 2024/012), P.E. Cote 25 (exp. IN408A 2024/013), P.E. Nao 19 (exp. IN408A 2024/011) e P.E. Galera 25 (exp. IN408A 2024/014) proxéctanse nunha zona de sensibilidade ambiental moderada.**

Cada un dos aeroxeradores de cada parque eólico (4 en total) sitúanse sobre unha zona de sensibilidade ambiental moderada polo que non é aconsellable a implantación de proxectos eólicos na zona. Estes valores débense á afección paisaxística (visibilidade), á presenza de hábitats de interese comunitario, así como pola presenza dos ámbitos de aplicación de Plans de recuperación e conservación de especies ameazadas.

- 8. A promotora non analiza a potencial afección dos parques eólicos Cote 25, Margarita 18, Galera 25 e Nao 19, así como a liña eléctrica, sobre as captacións de auga para abastecemento humano e gandeiro existentes.**

A promotora, no seu Estudo de Impacto Ambiental (EIA), non estuda se existen captacións de abastecemento de auga na zona que poidan verse afectadas polos traballos de implantación dos proxectos citados, nin as consecuencias que isto poida supoñer para a poboación usuaria.

Trala consulta a fontes oficiais (Plan Hidrolóxico Galicia-Costa 2021-2027; Libro de Rexistro de Augas de Galicia para o municipio de Oia; Plans Municipais de Abastecemento Autónomo de Galicia, en concreto o do Concello de Oia; EIEL Pontevedra) e usuarios do municipio de Oia, constátase a presenza de captacións nunha área de influencia de 500 m ás infraestruturas e actuacións dos proxectos.

As obras e actuacións dos proxectos poden producir cambios no caudal e na calidade das augas destes sistemas de abastecemento. Esta potencial afección debe ser estudada e analizada tanto pola promotora como polos organismos competentes, sendo de gran importancia: dado o alto risco para unha poboación que non dispón de servizo municipal. A promotora debe garantir o abastecemento ininterrompido da auga para a poboación.

- 9. A promotora non realizou unha valoración axeitada dos impactos sobre o patrimonio cultural dado que nas prospeccións arqueolóxicas non se identificaron tódolos elementos patrimoniais existentes e potencialmente afectados pola implantación dos proxectos.**

A promotora non analizou o impacto real da implantación dos proxectos sobre o patrimonio cultural, ao realizar prospeccións arqueolóxicas deficientes. Non se identifican elementos patrimoniais da Serra da Groba aínda non inventariados pola Xunta pero detectados por fontes locais (Instituto de Estudos Miñoráns). De feito, nas prospeccións arqueolóxicas presentadas no EIA do P.E. Toroña (exp. IN408A 2020/149) descubriuse un xacemento arqueolóxico (un petróglifo na zona do Alto do Costado) situado moi próximo ao trazado da LSAT e que pode ser danado nas labores de soterramento desta liña eléctrica.

As prospeccións arqueolóxicas (visitas e investigación durante as xornadas de campo) son imprescindibles para protexer e conservar o patrimonio cultural dun territorio. Se estes traballos en campo son deficientes, non se garante a conservación do patrimonio cultural.

- 10. A promotora non realizou ningún estudo sobre a perturbación dos proxectos eólicos sobre o benestar animal dos garranos (cabalos salvaxes) e do gando bovino.**

A promotora non estudou a potencial afección ao benestar dos garranos (cabalos salvaxes) e vacas que residen na zona de implantación dos citados parques eólicos (Serra da Groba), incluíndo os cabalos do picadeiro localizado en Mougás. Convén sinalar que o benestar animal xa foi motivo de paralizacións doutros parques eólicos (Declaración de Impacto Ambiental desfavorable do Parque Eólico Gasalla con expediente IN408A 2017/26).

**11. O EslA non realiza un estudo do impacto que a implantación dos PP.EE. suporán sobre as Comunidades de Montes (CMVMC) de Mougás e Viladesuso.**

Os proxectos provocarán unha modificación do plan urbanístico vixente no municipio de Oia. As áreas proxectadas adquirirán a clasificación de Solo Rústico de Especial Protección de Infraestruturas. Isto supón unha restrición nos usos destes terreos, o que provoca unha perda de dereitos e un aumento de deberes para as Comunidades de Montes Veciñais en Man Común (CMVMC) afectadas de Oia (Mougás e Viladesuso)

**12. A promotora non ten en conta as pequenas empresas turísticas vencelladas á Serra da Groba e cuxa implantación dos proxectos eólicos afectará aos valores deste recurso turístico.**

A menos de 2 km dos PP.EE. atópanse dúas casas de turismo rural cuxo atractivo baséase na proximidade á Serra da Groba, á paisaxe rural e a tranquilidade da contorna, xerando emprego local. Tamén existe un picadeiro en Mougás cuxas rutas a cabalo quedarán desvirtuadas polas infraestruturas eólicas, reducindo os seus ingresos. O estudo socioeconómico omite estas afeccións ignorando os prexuízos para estas pequenas empresas.

**13. A documentación elaborada pola promotora atópase incompleta e, nalgúns casos, cunha metodoloxía inapropiada.**

A continuación móstrase un breve listado das deficiencias detectadas no Estudo de Impacto Ambiental (EslA). Isto supón un inconveniente para a defensa dos bens do Concello de Oia, impedindo que a tramitación ambiental sexa transparente e correcta.

- Ausencia dun estudo completo de afección á saúde humana.
- Ausencia dun estudo da potencial afección sobre as captacións de auga de abastecemento humano e gandeiro.
- Ausencia de estudos detallados e baseados en campo de: aves paseriformes, anfibios, réptiles e invertebrados.
- Ausencia de metodoloxía específica do estudo de vexetación.
- Ausencia de planos coas concas visuais no anexo do EslA titulado Estudo de Impacto e Integración Paisaxística (EIIP).
- Ausencia dunha avaliación do impacto sobre o benestar animal dos garranos (cabalos salvaxes) e vacas residentes na Serra da Groba.
- Ausencia dunha análise do impacto socioeconómico sobre as granxas, picadeiro e casas de turismo rural.

**En virtude de todo o exposto, SOLICITA:**

A NON construción das instalacións dos proxectos: **“P.E. MARGARITA 18” (expediente IN408A 2024/012), “P.E. COTE 25” (expediente IN408A 2024/013), “P.E. NAO 9” (expediente IN408A 2024/011), “P.E. GALERA 25” (expediente IN408A 2024/014) e “LSAT 20 kV CS Alto das Veigas-SE UFD Gondomar” (expediente IN408A 2024/026)** en base ás deficiencias do Estudo de Impacto Ambiental (EslA) e ao rexeitamento das solicitudes de autorización administrativa previa e de construción das instalacións dos citados proxectos.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2026.

Asdo.: \_\_\_\_\_